

## ANUNCIO.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de xuño do ano en curso, acordou **aprobar inicialmente o PLANO PARCIAL DO SUE-3 “CIRCUNVALACIÓN”, DO PLANO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LALÍN EN VIGOR (PXOM)**, que inclúe como anexo, entre outros, o **informe de sostibilidade ambiental (I.S.A.)**, segundo documento redactado, a instancias do Concello, polo arquitecto D. Javier Bugallo Thielem, da consultora URBAM, S.L..

En cumprimento do establecido no artigo 86º.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 7.5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, **sométese o devandito documento a información pública e fase de consultas para as Administracións Públicas afectadas e público interesado, polo prazo de dous meses**, a contar dende a data de publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, podendo ser consultado na Oficina de Urbanismo do Concello e na páxina web do Concello de Lalín, no seguinte enlace: **<http://www.lalin.org/planparcialSUE-3.asp>**

Sen prexuízo da notificación persoal a todos propietarios dos terreos afectados que figuren no catastro, segundo relación que consta no propio documento que se aproba inicialmente, e para os efectos establecido no art. 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o presente anuncio serve de notificación a tódolos interesados que, ben por resultaren descoñecidos, ignorado o lugar de notificación ou intentada esta non puido ser practicada.

Lalín, 18 de xuño de 2008.

O Concelleiro Delegado de Urbanismo.

Asdo. Román Rodríguez González.